



FAROS DA COSTA DA MORTE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 200 km
Dificultade: baixa
Duración: 1 xornada (mínimo)

Os faros son, pola súa situación, lugares de privilexio para o goce de amplas e fermosas panorámicas. Os da Costa da Morte contan ademais co engado do mítico, que os fai aínda máis atractivos. O tramo de costa sobre o que se asentan (protexido como "LIC Costa da Morte"), pola súa posición prominente e a súa situación á beira dunha das rutas de navegación máis transitadas do mundo, é lugar de paso obrigado para incontables embarcacións de todo tipo, das que algunhas teñen a desgraza de ter que facelo en condicións adversas e, ao non poderen superar os seus incontables obstáculos, rematan a súa travesía en traxedia.

Unha viaxe de Fisterra a Malpica, ou viceversa, uns 200 quilómetros de coche, co complemento de varias camiñadas, permítenos un achegamento aos puntos máis sobresaíntes desta significada parte da costa galega.

COMO CHEGAR:

Comezando no **faro de Fisterra**, o faro do fin do mundo, o remate da terra coñecida e o punto final de todos os camiños, cos seus imponentes cantís e impresionantes anoitecidas, ao que chegaremos despois de cruzar a vila, non podemos deixar de achegarnos ao monte Facho desde onde teremos unha vista do conxunto da península, os abrigos praias e enseadas que se atopan entre Fisterra e o monte Louro, na boca da ría de Muros e Noia, co monte Pindo enmarcando o conxunto, cara ao interior, e cara á costa exterior a praia do Mar de Fóra e o cabo da Nave. De volta na vila podemos optar por dúas variables: a costeira, por estradas locais, máis lenta pero con máis posibilidades para gozar do percorrido, que nos levará desde Buio a San Salvador, desde onde podemos achegarnos ao cabo da Nave, de cantís de ata 200 metros de altura, e unha panorámica diferente da zona, seguir logo ata Buxán e a praia do Rostro, cos seus 2 quilómetros de longo e un bo sistema dunar, e de alí a Lires e a desembocadura do río Castro e a praia de Nemiña; de Lires achegámonos á Pereira e desde a Pereira a Touriñán; ou a directa, por Corcubión e Cee, e pola estrada da Coruña ata Morancelle desde onde collemos o desvío á Pereira e **Touriñán**, segundo faro do itinerario e o punto máis ao oeste da costa galega.



- 1- Fisterra
- 2- Touriñán
- 3- Punta da Barca
- 4- Cabo Vilán
- 5- Cabo de Laxe
- 6- O Roncudo
- 7- Punta Nariga
- 8- Illas Sisargas



1-Fisterra. Punto final dos camiños de terra e referente imprescindible dos camiños do mar.



2-Touriñán. A luz situada máis ao oeste.

De Touriñan por Cuño, onde podemos camiñar ata o Coído, un acúmulo de pedras redondeadas por séculos de golpes provocados polo embate das ondas, e Lourido, desde onde merece a pena facer un pequeno desvío ao monte Facho, para gozar das súas panorámicas, e despois de pasar ao pé da fermosa praia de Lourido chegamos a Muxía e, cruzando a localidade, dirixímonos á **punta da Barca** onde se atopa o terceiro punto fixo do itinerario ao pé do santuario que foi levado polo lume, ofrece ademais motivos abondo para converterse en punto de visita obrigado: amplas panorámicas, pelexa das ondas coa costa, pedras sanadoras... De Muxía a Ponte do Porto tamén podemos escoller entre ir máis pola beira da costa ou polo interior. Para ir pola costa desvíámonos, nos Muíños, a Merexo e Lago, onde podemos ver a praia e o interior da ría de Camariñas, para chegar ao Cereixo, onde podemos ver a torre e o muíño de mareas. Se vamos polo interior temos que continuar pola estrada ata Quintáns e ali coller a que vai ata Cereixo, onde o camiño volve a ser un ata o **cabo Vilán**. Desde o Cereixo entramos en Ponte do Porto, cruzamos o río Grande e dirixirnos a Camariñas, pasamos pola vila e seguimos ata o cabo, onde atopamos o primeiro faro da costa española que funcionou con corrente eléctrica no que tamén está o “Museo e centro de interpretación dos naufraxios, faros e sinais da Costa da Morte”, os aguillóns do Vilán, o derradeiro lugar de cría do arao dos cons en Galiza, un dos primeiros parques eólicos e a piscifactoría máis grande do país (magníficos exemplos de agresión ao entorno natural).

Desde cabo Vilán tamén temos dúas opcións para continuar a viaxe, a do interior, que nos leva por Ponte do Porto a Laxe, e a da costa que, a pesar de incrementar a distancia nuns 20 quilómetros, e facer parte deles por unha pista de terra, ben merece a pena porque ademais de ofrecernos fermosas vistas do cabo Vilán, nos leva pola beira da enseada de Vilán, pola praia de Arealonga onde se atopan varias pedras de formas curiosas e con nome propio, un foxo do lobo, o coído do cabo do Trece, o Cemiterio dos Ingleses, a praia do Trece, coa maior poboación de camariñas de Galiza, o seu ben consevado sistema dunar e a duna remontante do monte Branco, antes de chegar á estrada asfaltada para poder baixar a Santa Mariña, a

Arou e a Camelle, onde podemos ver o legado de Man, as esculturas do “alemán de Camelle”. Desde Camelle só un camiño a pé nos pode levar a Mordomo e á Praia de Traba, pero a nosa viaxe obríganos a ir de Camelle á Ponte do Porto para, en Recesindes, coller a



5-Laxe. A punta do cabo de Laxe, onde se atopa o faro, e o límite sur da ría.



3-Punta da Barca (Muxía). Máis coñecida polas virtudes das súas pedras que pola importancia do faro.



4-Cabo Vilán. Polo seu interese xeolóxico, o granito vermello que lle da a cor característica, e a súa situación xeográfica está declarado, desde 1933, “Sitio natural de interés nacional” polo estado español.



De Laxe, beirando a praia e a ría, imos a Ponteceso onde, xa antes de chegar, descubriremos a Barra, a longa frecha de area que construíron as forzas enfrentadas do río Anllóns e do mar, e o esteiro. Na estrada de Ponteceso a Corme non é unha perda de tempo desviarse pola estrada de Balarés ata o Alto das Travesas ou Monte Blanco, desde onde poderemos gozar dunhas fermosas panorámicas da desembocadura do río Anllóns, o esteiro en toda a súa amplitude, a frecha da Barra, a illa Tiñosa e a beira sur da ría ata Laxe. Volvendo á estrada seguimos a ruta ata chegarmos ao Porto de Corme, desde onde, pola beira do mar, acadaremos o seguinte obxectivo, o **faro do Roncudo**, polo camiño as cruces brancas enriba dos cons dan fe do arriscado e perigoso que pode ser gañar a vida neste entorno. Os cantís do Roncudo teñen sona de ser os que producen os mellores percebes do mundo.

De Corme, por Niñóns chegamos a Mens e a Barizo, desde calquera dos dous lugares podemos ir a **Punta Nariga**, onde nos agarda o faro de construción máis recente da costa galega asentado nunha fermosa paraxe batida polo vento que coa axuda do salitre esculpeu as numerosas rochas do entorno nas que creou curiosas formas e desde onde podemos ver cara ao sur os cantís da costa ata o Roncudo e cara ao norte o cabo de San Hadrián e as illas Sisargas, enriba das que se atopa o último faro do percorrido. De Punta Nariga volvemos a Barizo, preto do que se atopa a praia do Esteiro ou de Xeiruga, e desde alí cara a Malpica, pasado Beo un desvío á esquerda lévanos ao cabo e a ermida de San Hadrián, o punto da costa máis achegado as **illas Sisargas**. Volvemos á estrada de Malpica e achegándonos á vila e ao seu particular porto, rematamos o itinerario. Desde Malpica fanse viaxes ás illas Sisargas.



6-O Roncudo. Nas pedras e nos cantís que están ao seu carón medran os percebes de máis sona.



7-Punta Nariga. Deseño e modernidade son as características que fan sobresaír a este faro entre os do entorno próximo. vos mariños e varias especies de gaivotas.



8-Illas Sisargas. Están protexidas como zona ZEPA porque as repisas dos seus cantís son os lugares de descanso e de cría de corvos mariños e varias especies de gaivotas.